

"O CONXUNTO TAL VEZ
MÁIS BONITO E SEÑORIAL
ENTRE AS PEQUENAS POBOACIÓNS
DE GALICIA"

Ramón Otero Pedrayo, escritor

Interior do Pazo de Fefiñáns

**OFICINA DE
INFORMACIÓN TURÍSTICA**

Paseo da Calzada, s/n
36630 Cambados - Pontevedra
T. +34 986 520 786 / +34 986 520 943 ext. 769

turismo@cambados.es

www.cambados.es

Horario de inverno

Martes a venres:
10.00 a 14.00 e 16.30
a 19.30 horas

Sábados e festivos:
10.30 a 14.00 e 16.30
a 19.30 horas


Domingos:
10.30 a 14.00 horas

Horario de verán

Luns a venres:
10.00 a 14.00 e 17.00
a 20.00 horas

Sábados, domingos
e festivos: 10.30 a 14.00
e 17.00 a 20.00 horas




 Cambados Enoturismo é unha plataforma de promoción do enoturismo promovida polo Concello de Cambados, e financiada con fondos europeos a través do Grupo de Desenvolvemento Local - GDR O Salnés. Está orientada a dinamizar a cultura do viño como un atractivo turístico de interese para este territorio e a súa contorna.

Amplia información visitando a web: www.cambadosenoturismo.com



CAMBADOS

CONXUNTO
HISTÓRICO ARTÍSTICO



BEN DE INTERESE CULTURAL

Conxunto histórico artístico

Situado nas Rías Baixas, á beira da ría de Arousa, encóntrase unha das xoias que esconde Galicia, a vila de Cambados. Considerada como un auténtico museo ao aire libre esculpido en granito, atesoura un dos conxuntos históricos mellor conservados da nosa comunidade autónoma pola infinidade de pazos señoriais, rúas nobres, monumentos, esculturas,...

Cambados posúe un conxunto histórico declarado Ben de Interese Cultural que nace

da fusión de tres vilas históricas que seguen mantendo a súa autenticidade. Fefiñáns, cun marcado carácter nobre; Cambados coas súas fermosas prazas, rúas e ruínas do cemiterio e monumento sacro de Santa Mariña Dozo; e o carácter eminentemente mariñeiro de San Tomé.

Todo isto sumado á gastronomía, ao viño Albariño, e á hospitalidade dos cambadeses fan de Cambados un lugar único para gozar en calquera época do ano.



Torre de San Sadornio (s. X)

"CAMBADOS É UN MUSEO DE ARTE AO AIRE LIBRE OU COMO UNHA COMPOSICIÓN DE ORFEBRERÍA EN PEDRA LABRADA, QUE DESCOBRE OS SEUS ENCANTOS A QUEN O VISITA"



Vila de San Tomé

Ruínas de Sta. Mariña Dozo (s XV), monumento nacional



Arco do Pazo de Fefiñáns



Praza de Fefiñáns



Igrexa de San Bieito



Casa señorial



Interior do Pazo de Fefiñáns



Muño das Mareas da Seca



Zona histórica



Paseo marítimo